

CURSOS

de extensión universitaria

Campus de Ourense
2026



Destinados á cidadanía en
xeral e universitarios/as

MATRÍCULA
A partir do 18 de maio
campusactivo.uvigo.gal



CURSOS

de extensión universitaria

Campus de Ourense
2026



MATRÍCULA

A partir do 18 de maio
campusactivo.uvigo.gal

UniversidadeVigo

INSCRICIÓNS E MATRÍCULA

A matrícula farase online ata cubrir prazas:

campusactivo.uvigo.gal

Prazo: a partir do 18 de maio de 2026

Comunidade universitaria: 35 % de desconto no prezo da matrícula

Os cursos están recoñecidos con 1 crédito E.C.T.S. por cada 25 horas de traballo.

DESAFÍOS E OPORTUNIDADES PARA A CONSERVACIÓN DA BIODIVERSIDADE

Nos últimos anos, o medio natural está a experimentar un deterioro notable debido a múltiples causas, entre elas o cambio climático e a influencia directa das actividades humanas. Por iso, as políticas actuais apuntan a fomentar modelos sociais máis respetuosos co ambiente e orientados cara a un desenvolvemento sostible. De cara ao futuro, será imprescindible acadar unha harmonía entre a conservación da natureza e o avance económico.

Neste curso abordaranse importantes desafíos no Espazo Natural Protexido Reserva de Biosfera Transfronteiriza Xurés-Gerês, como por exemplo a degradación de hábitats, a presenza de especies invasoras ou os efectos do cambio climático, que provocan a perda de prácticas tradicionais beneficiosas para a paisxe. Ademais, a súa natureza transfronteiriza exide unha xestión coordinada entre Galicia e Portugal. A pesar diso, este espazo conta con grandes oportunidades, como por exemplo, espazos que están sufrindo restauración ecolóxica así como a recuperación de bosques, humedais e tubeiras. Tamén destaca o impulso do ecoturismo sostible e a participación activa das comunidades locais, visitantes e escolares que reforzan a conservación e o desenvolvemento do territorio, fomentando o pensamento crítico e a conciencia ambiental en relación coa xestión do medio natural, destacando a importancia da protección de espazos naturais como a Reserva de Biosfera Transfronteiriza Xurés-Gerês.

Dirección: María Fernández González e María del Carmen Seijo Coello

Docente: Israel León Rodríguez, Vicente Rodríguez García, José Antonio Amoeiro Mosquera, Luis González Rodríguez, Beatriz Rodríguez Martínez, María del Carmen Seijo Coello, María Fernández González, Fernando Suárez Troitiño, Javier Agís Iglesias, Carolina Acuña Añonso e Juan Picos Martín

Datas: 10 de xuño de 9.00 a 20.00 h, 11 de xuño de 9.00 a 20.30 h e 12 de xuño de 9.00 h a 20.00 h. **30 horas totais.**

Número de prazas: 25

Lugar de celebración: Albergue de “A Rola”, Muiños, Ourense

Prezo: 10

CINEMA GALEGO. DIVERSIDADE CREATIVA

- Analizar a creación audiovisual en todas as súas variantes, soportes e formatos, substanciada nunha obra ou produto destinado a ser gozado e consumido polos receptores.
- Contar con profesionais do sector das industrias culturais e creativas con máis pulo de Galicia, en diversos aspectos creativos (dirección, guiión, produción, fotografía, música, etc.), e vinculados ás industrias culturais, co fin de analizar a situación do sector e as novas posibilidades transversais de actuación.
- Estudar distintos formatos, así como o proceso de consolidación do ecosistema audiovisual, do seu equilibrio industrial e creativo, e os pasos que se están a tomar para a súa normalización no país á marxe de soportes e formatos.
- Desenvolver talleres con profesionais do sector relacionados co audiovisual.

Dirección: Paulino Pérez Feijóo

Docentes: Juan Lorenzo, Zahira Teijelo, Iria Silvosa, Angeles Suanzes, Angeles Santos, Alfonso Zarauza, Daniel Froiz, Iván Castiñeiras, Elba Fernández, Dani de la Torre, Raquel Meleiro, Antonio Martínez (Tony Karra), Rafael Cobos, Emma Lustres, Carlos Solano, Luisa Romero, Paulino Pérez Feijóo, Laura Fernández, Miguel Ángel Vázquez Taín e María Bastida Domínguez

Datas: 6 de xullo de 16.30 h. a 20.00 h, 7, 8, 9 de xullo de 10.00 h. a 20.00 h e 10 de xullo de 10.30 h. a 13.00 h. **27 horas totais.**

Número de prazas: 30

Lugar de celebración: Auditorio Municipal Ilduara de Celanova, Ourense

Prezo: 30

OURENSE NO TEMPO: HISTORIA, ARTE E TRADIÇÕES (III)

Este curso é continuación dos que foron ofertados na programación de cursos de extensión universitaria do Campus de Ourense nos anos 2023 e 2024 e 2025 co mesmo título (Ourense no tempo: Historia Arte e Tradicións), con 40 estudantes matriculados de media e unha boa avaliación por parte dos asistentes.Temática:

- Impartirase a modo de xornadas de divulgación científica das investigacións que leva a cabo a comunidade universitaria do Departamento de Historia, Arte e Xeografía con temática relacionada coa provincia de Ourense, así como as de outros investigadores externos especializados no tema.
- O curso terá carácter multidisciplinar e fará un percorrido por diferentes aspectos relacionados coa historia, a arte, a arqueoloxía e as tradicións da provincia de Ourense, desde a prehistoria ata a actualidade, analizando tanto feitos históricos como artísticos e etnográficos.
- Algunhas sesións realizaranse in situ, con percorridos pedestres guiados pola cidade de Ourense e por lugares históricos e arqueolóxicos dos concellos de Baltar, Os Blancos, Calvos de Randín (comarca da Limia), Bande, Muiños, Entrimo e Lobios (comarca da Baixa Limia).

Obxectivos:

- Transmitir o coñecemento científico xerado polos investigadores e as investigadoras da Universidade Vigo e outros expertos nos temas a tratar.
- Proporcionar ferramentas e exemplos na utilización de diferentes tipos de fontes para a investigación histórica e arqueolóxica.
- Aplicar o coñecemento interdisciplinario e xerar espazos de discusión co estudentado.
- Contribuír ao respecto e á conservación dos bens culturais a través do coñecemento dos seus significados e valores (en liña coa axenda 2030).
- Achegar instrumentos e ferramentas para a elaboración de discursos de comunicación e divulgación igualitarios e inclusivos (en liña coa axenda 2030).

Dirección: Xosé Ramón Campos Álvarez

Docentes: Julio Prada Rodríguez, Domingo Rodríguez Teijeiro, Fernando Serrulla Rech, Amado Tierra Lozano Ramírez, Mikel Díaz Rodríguez, Eduardo Breogán Nieto Muñiz, Víctor Rodríguez Muñiz, Miriam Justo Varela, David Pérez López, Elena de Uña Álvarez, Miguel Ángel Álvarez, Vázquez, Juan Manuel Galíña Lorenzo e Xosé Ramón Campos Álvarez

Datas: 1 a 3 de xullo de 9.00 a 20.00 h e 4 de xullo de 10.00 a 20.00 h.**30 horas totais.**

Número de prazas: 20

Lugar de celebración: Edificio Facultades

Prezo: 10

FERRAMENTAS E PROCESOS DE FACILITACIÓN PARA A INTERVENCIÓN ECOSOCIAL

Obxetivo xeral: Capacitar as persoas participantes no uso de ferramentas e procesos de facilitación para deseñar e desenvolver intervencións con enfoque ecosocial.

Obxetivos específicos:

- Comprender os fundamentos e principios do enfoque ecosocial.
- Analizar os procesos individuais, grupais e comunitarios desde unha perspectiva ecosocial.
- Coñecer ferramentas de facilitación e participación.
- Aplicar principios de permacultura á intervención social.
- Deseñar pequenas intervencións ecosociais nos niveis micro, meso e macro da práctica.
- Desenvolver criterios para avaliar intervencións con enfoque ecosocial.

O curso desenvolverase mediante unha metodoloxía participativa e experiencial, combinando exposicións teóricas breves, dinámicas grupais, simulacións de facilitación, análise de casos reais, traballo colaborativo, exercicios de participación, deseño colectivo de intervencións, obradoiros prácticos de ferramentas e traballo en pequenos grupos. Promoverase a aprendizaxe colectiva, a reflexión crítica e a experimentación práctica.

Dirección: Francisco Xabier Aguiar Fernández e Evelia Murcia Álvarez

Docente: Francisco Xabier Aguiar Fernández, Evelia Murcia Álvarez, Matías Mesa García, María Isabel Doval Ruiz, Marta Pernas Rodríguez, Iván Núñez Casal e Fernando Relinque Medina

Datas: 2 e 3 de xullo de 10.00 a 14.00 h, 4 de xullo de 9.15 a 20.00 h, 8 de xullo de 10.00 a 14.00 h, 9 de xullo de 10.00 a 14.00 h e de 16.00 a 20.00 h e 10 de xullo de 10.00 a 14.00 h. **32 horas totais.**

Número de prazas: 27

Lugar de celebración: Sala Emilia Pardo Bazán do edifcio Facultades, Ecolectivo en Vigo e Aula Natureza do Miño

Prezo: 40

TERMALISMO EN RUTA: DAS AUGAS SALUTÍFERAS DE GALICIA ÓS MANANTIAIS DA AQUITANIA

- Comprender os fundamentos teóricos e aplicados do termalismo.
- Coñecer a estrutura organizativa e funcional dos distintos centros termais visitados.
- Analizar e interpretar a relación existente entre os distintos centros termais e as técnicas e produtos empregados en cada establecemento.
- Examinar a perspectiva das institucións locais, rexionais e nacionais no ámbito do termalismo.
- Desenvolver prácticas de aplicación das diferentes técnicas termais utilizadas nos centros visitados.
- Adquirir a capacidade para comprender e manexar a terminoloxía e os conceptos propios do termalismo.
- Coñecer o proceso de elaboración e xestión dun peloide.
- Coñecer os principios de uso sostible e protección dos recursos termais no marco do turismo de saúde.
- Analizar comparativamente os modelos organizativos, asistenciais e de xestión dos establecementos termais en Galicia e en Francia.

Metodoloxía:

- Conferencias temáticas que versarán sobre os distintos aspectos do curso.
- Prácticas nos balnearios e centros termais do curso.
- Debates ou coloquios que se realizarán nos desprazamentos.

Recursos: utilizaranse as instalación de todos os centros termais, así como as do Instituto de Termalismo de Dax.

Dirección: José Luis Legido Soto e Elisa Alén González

Docentes: José Luis Legido Soto, Elisa Alén González, Lourdes Mourelle Mosquera, Antonio Freire Magariños, Dolores Fernández Marcos, Carmen P. Gómez Pérez, Avelino Mulleiro García, María Belén Gómez Quevedo, Juan Maceiras Formosel, Karine Dubourg, Laurence Delpy, Odile Eloy Tran Van Choui, Christian-François Roques-Latrilie, Véronique Cheminade–Darmaillacq, Lidia Casas, María de Lourdes Areños Martínez, Kamil Brzcinski, Paula Garrido, Xaqueline Sotero Salgado, Alicia Gayoso Iglesias, Yolanda Núñez Cid, Juan J. Gestal Otero, Gustavo Arroyo, Carlos Irigoyen, Marc Brasquet, Frédéric Moreau e Alicia García Perona,

Datas: 5 de setembro de 10.30 a 20.00 h, 6 de setembro de 10.30 a 20.30 h, 7 de setembro de 12.30 a 20.00 h, 8 de setembro de 9.30 a 19.30 h, 9 de setembro de 10.30 a 19.30 h, 10 de setembro de 9.30 h. a 20.00 h, 11 de setembro de 12.00 a 21.00 h, 12 de setembro de 9.00 a 18.00 h. **43 horas totais.**

Número de prazas: 24

Lugar de celebración: Centros termais de Galicia, España e Francia

Prezo: 50

INTELIXENCIA ARTIFICIAL E INNOVACIÓN DESDE UNHA PERSPECTIVA SOCIOEDUCATIVA

Este curso nace coa finalidade de promover unha aprendizaxe significativa e comprometida, centrada en aprender, pensar, crear e transformar a realidade educativa e social desde unha mirada socioeducativa.

O curso integra enfoques actuais como a educación socioeducativa, as metodoloxías activas e a conexión entre a aula e o contorno, favorecendo unha aprendizaxe experiencial, reflexiva e colaborativa. Deste xeito, o alumnado non só adquire coñecementos teóricos, senón que desenvolve competencias clave para a súa formación persoal, académica e profesional, como o pensamento crítico, a creatividade, o traballo en equipo e o compromiso coa transformación social.

Os obxectivos do curso son os seguinte:

- Fomentar unha comprensión crítica da educación como ferramenta de transformación social, promovendo no alumnado a capacidade de analizar a realidade educativa desde unha perspectiva socioeducativa e comprometida.
- Explorar e aplicar metodoloxías activas, intelixencia artificial e enfoques STEAM para favorecer procesos de aprendizaxe significativos baseados na creatividade, na experimentación, no pensamento crítico e no traballo colaborativo.
- Coñecer e utilizar recursos educativos innovadores para o deseño de propostas educativas contextualizadas, éticas e adaptadas a distintos ámbitos socioeducativos.

Dirección: Jesús Deibe Fernández Simo

Docente: Felisindo Estévez García, Jesús Deibe Fernández Simo, Nuria Diéguez García, Isabel Blanco Pumar, Nuria Feijóo Álvarez e Santiago Gil Castro

Datas: 11 de setembro de 16.00 a 2100 h, 18 de setembro de 16.00 h. a 21.00 h, 26 de setembro de 10.00 a 20.00 h, 2 de outubro de 16.00 a 20.00 h, 9 de outubro de 16.00 a 20.00 h e 16 de outubro de 16.00 a 20.00 h. **30 horas totais.**

Número de prazas: 20

Lugar de celebración: Edificio Facultades e unha sesión en Lobios

Prezo: 30

A PORNIFICACIÓN DA CULTURA: HIPERSEXUALIZACIÓN E MERCANTILIZACIÓN DO CORPO DAS MULLERES

Obxetivo xeral: Promover unha comprensión crítica de como se construe, reproduce e lexítima a desigualdade de xénero -desde a inferiorización e a obxetivización das nenas e mulleres- para fomentar actitudes e comportamentos igualitarios que posibiliten a igualdade real.

Obxetivos específicos:

- Analizar as narrativas históricas e científicas que sustentaron a suposta inferioridade das mulleres e as actitudes sexistas derivadas.
- Comprender como a obxetivización do corpo femenino funciona como un mecanismo contemporáneo de control e subordinación.
- Coñecer os principais marcos de dereitos humanos, sexuais e reproductivos, así como a evolución da educación sexual a nivel nacional e internacional.
- Promover actitudes e accións que posibiliten a igualdade real.

Dirección: María Lameiras Fernández

Docente: María Lameiras Fernández

Datas: 30 de xuño, 2, 7, 9, 14, 16, 21, 23, 28, 30 de xullo de 18.00 a 21.00 h **30 horas totais.**

Número de prazas: 20

Lugar de celebración: Edificio Facultades

Prezo: 30